

Obras theatricas galegas
por
Curenio Charlton e
Manoel S. Ferrida



Mal de moitos
Trato a cegas

Sign F15576

OBRAS TEATRAES GALEGAS

Mal de moitos

— E —

Trato a cegas

PARRAFEIOS

POR

EUXENIO CHARLÓN ARIAS e MANOEL SÁNCHEZ HERMIÑO

ENTROITADOS C'UNHAS «LIÑAS LIMIARES»

DE

ANTÓN VILLAR PONTE

FERROL

IMP. Y EST. DE «EL CORREO GALLEGO»

Real, 139-141 e Canalejas, 150-152

1921

24428A

Mayo 01 doc A. villa Parte

LIÑAS LIMIARES

A o noso moito querido amigo e Irmán,
que tanto nos honra apadrinando estes
mal argallados parrafeiros, Antón Villar
Ponte, o xurdis xornalista de xeito euro-
peo que cō seu admirabel traballo,
"Nacionalismo Galego" soubo despertar
aros de Irmandade nos que levamos na
ialma o fogo santo da redención da
nosa Galiza.

No Ferrol a 22 de Nadal do 1921

Euxenio Barberón

Mansel S. Hermida

!! Terra cibe !!

Liñas limiares

IDEAL do cidadán grego era o ser un pouco filósofo; o ideal do cidadán moderno tería de consistir en ser un pouco filósofo e un pouco artesán. Así dixó un pensador da Cataluña. E mais nos outros facemos nosa isa opinión. Que aquí cadra millor que en ningures xa que tencionamos falar de dous galegos representativos: Charlón e Sánchez Hermida.

Fastiados e fartos com'andamos d'ollar señoritos valeiros de sentimento e fallos d'entendedeiras na nosa Terra—e o mesmo que na nosa, n'outras,—ao achámonos con homes do xeito dos nomeados, decatámonos da forza de valorización universal que habería de ter un país de persoalidade tan forte cal o galego, si n'él se xeralizara en senso discipulario o tipo d'home coma o Castelao e o tipo d'home artesán coma Charlón e Sánchez Hermida.

Porque Charlón e Sánchez Hermida—agora somentes compre falarmos d'eles—pódense pór en calidade d'orientadores á consideiración da Galiza enteira. Nados n'un ambiente pouco doado para facer enxebreza souperon con todo criaren enxebreza ao seu redor; souperon esculpir u sua propia estatua dentro da i-alma e souperon aínda espallal-a sua i-alma pol-a Terra coma follas da verdecente árbore frondosa do humorismo populare.

Charlón e Sánchez Hermida, artistas, artesanos e filósofos, nos seus fogares entronizaron o sagro corazón

da Patria, onde lle renden culto a cotío; adeprenderon a viviren coma os obreiros da Europa, e sintíndose entón cibdadáns—que somentes è cibdadán o que profesa un ideal e traballa para impólo—, quere se dicir, donos de si mesmos, realizaron o miragre da simbiosis artística que todos coñeces. Fono actores e autores n'un sinxelo e orixinal teatro que eles fan xermolar n'un pulo d'enxebreza que è santo amore ao autóctono.

Cando a Galiza dormía un soño sin ensoños, un soño de pedra vergoñoso e cativo; cando o enxebriño era unha verba hoca de senso e o espírito asoballador do castelanismo abafaba todo, Charlón e Sánchez Hermida, estes dous traballadores homildes, esta parella admirabel de rapaces esgrevios alumeados pol-a estrela das suas frentes—vermes de luz nas trebas mestas da negra indiferenza e da triste cobardía—ergueron a voz coma unha tralla e coidando que “non co'a cólera senon co'a risa se mata”, do humorismo da Raza que eles tan enxebres na enxebreza non poderían deixaren de poseer, conseguiron que xurdira un ensiño patriótico fecundo, resultando verdadeiros precursores d'unha arte moi nosa e ora moito necesaria entre nós. Porque sempre que se fale de teatro galego—para vergoña de señoritos bachilleres—os nomes “bos e xenerosos” de Charlón e Sánchez Hermida han acretar a xusta lembranza de que son merecentes.

~~~~~

“Mal de moitos” e o capo laboro, a meiga xoiña d'isa xurdia parella d'artistas ferroláns que percorreu o mundo en trunfo, pñdo no cumio do ridículo a aqués peisanos nosos que coidan, efeito de cinco séculos longos d'escravitude espiritoal que sofriron sin reacionaren contra d'ela, que todo o galego e inferior e cativo. Un salaio tráxico acochado en gargalladas




d'humorismo popolare, que val, pol-o que abrangue d'edificante, mais que cen discursos cheios d'elocuencia. Onde queira que haza unha colonia de fillos da Galiza, alí fungaron os lostregazos humorísticos e patrióticos do "Mal de moitos", d'este mal verdadeiro andacio tan ben levado á escea por Charlón e Sánchez Hermida.

"Mal de moitos" até agora foi a única parolá teatral dos nosos queridos irmaos que se ten imprentado. Hoxe volta a se imprentare na xuntanza do "TRATO A CEGAS", estudo dos cegos socarróns e pidicheiros das nosas aldeias, das nosas feiras e das nosas romaxes, que é unha maravilla d'humorismo. Ambas parolas—que interpretadas pol-os seus propios autores fan escachar de risa ás pedras—ofrecen á consideración dos literatos enxebres un camiño a seguiren dentro do teatro de costumes. Outras obriñas de Charlón e Sánchez Hermida coñecemos—"AXÚDATE" e "O MANCIÑEIRO", verbigracia—, mas as que aparecen n'este volume son as que teñen o maor mérito. Nelas anda a buligar axirxilante a gracia sinxela e filosófica propia da musa do povo: isa gracia que nos nosos cancioneiros ten un xurdio e meigo encanto; ise humour racial tan cristiño e tan fresco com'a i-auga briladora e cantareira das fontenas da montana.

Si estigades co'a sede d'un instante d'enxebrismo e vos apetez d'aquela bebéredes en cunca moi feituca de barro da Terra—facendo unha pousa i-un acougo na aspra estrada do vivire—un grolíño d'auga pura, limpa e san que deite da fonda entraña da nosa paisaxe, leede este libriño, e o espírito meigo i-eternal da nai Galiza rebulirá de súpeto no voso corazón. . .

A. VILLAR PONTE.




# MAL DE MOITOS

PARRAFEIO EN PROSA

ORIXINAL DE

Euxenio Charlón Arias e Manoel Sánchez Hermida

SEGUNDA EDICIÓN



Estreado con ruído e aprauso no teatro «Jofre»  
do Ferrol, a noite do 29 de Mayo do 1915.




PARRAFEIANTES:

VELLO PETRUCIO.. Sr. Charlón (Euxenio).

MOZO..... > Sánchez Hermida.

Lugar do parrafeio, SAN SADURNIÑO (provincia da Cruña).




Ao Coro

“Toxos e Froles”

En proba do moito agarimo que

lle temos





Esta obra è propiedade dos seus autores, e ninguén poderá, sin o seu permiso, reimprentala nin representala na Hespaña e nos países nos que se teñan feito ou fáganse d'eiquí en diante tratados internazonaes de propiedade literaria.

Os autores fican cò dereito de traduzón.

Os comisionados e persoeiros da «Sociedade d'Autores Hespañoes» son os encarregados, d'un xeito único, de donare ou non donare premiso pr'á representación e o cobro dos dereitos de propiedade.

Fica feito o depósito qu' asíñala a lei.


---

Cette oeuvre est de la propriété de ses auteurs et personne ne pourra, sans leur permission, la réimprimer ni la représenter à l'Espagne et aux pays avec lesquels existent ou existeront à l'avenir des traités internationaux de propriété littéraire.

Les auteurs se réservent le droit de traduction.

Les représentants de la «Société d'Autores Espagnoles» seront les seuls chargés d'accorder ou de nier la permission nécessaire pour les représentations, et le prox de droits de propriété.

On a fait le dépôt signalé par la loi.







# XORNADA ÚNICA

O teatro representa un camiño d'aldea. No fondo unha fraga. Cando erguen o pano, aparece pol-a esquerda o VELLO PETRUCIO, c'un feixe d'herba ás costas e unha fouciña na man. Inspirá traxe do labore, ou ben sexa, camisa d'estopa, calzón remontado, chaleque de picote, monteira pequena de burél  
^^^^^^^^ e zocas ^^^^^^^^^

## PAROLA PRIMEIRA

---

### VELLO PETRUCIO

—Vaia que rendes ben irecoira...! (Pousando o feixe no chan.) Pois pol-o moito que peses non è... ¡Ay meus cadrís...! Que pouco vallo eu xa pra istes trafegos. E non hai remedio, sinón roelas, porque si un se non manea os de fora non van vire a faguel-o labore. ¡E vaites que hoxe...! Levei un bô currelo. Inda Deus non dera o día xa iba eu camiño da fraga catar un carro de leña. E vaia... que traballiño me costou chegare co-el ã casa. Están isos camiños, que nin o díaño os acanea. Cando cheguei ô lameiro qu'está no rente da encruzalada de Raña, espetáronseme as rodas até o chedeiro; que si non foran os veciños, pode dar que aínda agora estivera alí. Dempóis, cando cheguei â casa e metín a leña no alboio, botei unha cunca de leite c'un pouco de bola da tixela, e de contado fun cavar un anaco de roza que me falla-

ba na Ferreiroa; â volta xantéi, estrei a corte, encaldéi as vacas, limpéi os morteiros, puxen dous regos de patacas de tarde, escarballei a silveira do fondal e agora veño do arredor, de catar iste feixe de comida pr'ô gando: quero adiantare o labore por que mañán—si Deus quere—penso de ire ô Viscordel, e iso qu'iste ano non tiña dementes de ire aló porque as pernas pésanme moito e... ademáis, eu xa non pinto nada nas festas, bailare non ei bailare, inda me costa traballo terme deitado, pra canto mais... E por iso, as rapazas gustare... non deixan de me gustare, pro... ¡vaiche boa! hai que velas e deixalas. Cando se chega ô meu tempo... ¡pouco aceite dan por un carto! Pro ben, dixera o outro: «hai que lér pol-o pasado».

¡Ay tempiños, tempiños! ¡que presto fuxíchedes e que soliño vádesme deixando! Soliño, si, porque agora parece que todos arrenegan d'aqueles tempos pasados; xa ninguén gusta dos costumes dos nosos antigos, tan cheos d'engaiolamentos. Se non olla bailare aquelas riveiranas e muiñeiras onde rapazas e mozos, côs curazons a cugulo de agardanzas, corrían trais de unha felicidade eterna; nin se escoitan aquelas cantígas melosas revertendo de poesía, tecidas antre as espiñas dos toxos ou antre os cheirumes das nosas frescas froles, ou ô pe do lar, nas longas noites da invernia. Fuxen os tempos e con eles deixamos fuxire tamen os nosos costumes... ¡Mais iso non pode sere eisí! ¡Si tal fixéramos, non seríamos dínos d'estare antre as xentes e amostraríamos qu'eiquí dentro levamos un croyo de toelo en troques de corazón...!



## PAROLA SEGUNDA

VELLO PETRUCIO.—MOZO, qu'entra pol-a direita. Inspirá traxe á moda, de pano fino, côr craro; sentaralle algo folgado, chapeu de pano, colo outo, zapato baixo e calcetíns de côr chamativo e con listas; leva un paraugas novo na sua funda e unha  
^^^^^^^^^^^^^^^^ maleta ^^^^^^^^^^^^^^^^^

MOZO

Buenas tardes, che.

VELLO

Boas nol-as día Deus.

MOZO

Oiga che, ¿saberá si voy ben en vías de Cadas bías d'enriba?

VELLO

Home, sí, pro aínda che falla unha boa corredela.

MOZO

¿Moi longa?

VELLO

Eisí como media hora, andando ben.

MOZO

Y lueguito, che; ¿dónde m'atopo?

VELLO

Pois olla tí; eiquí estamos n-a Areosa.

MOZO

La Areosa... ¡Ah! sí, sí...

VELLO

Olla, vaste en direito por ise camiño, botando sempre pra ista man, i-en chegando ô Tarambelo,

colle' o camiño da dereita até chegare â Seara, e dimpois bótaste por Labacengos enriba, e ô chegare a Burreiros xa atopas a casa dos de Moure.

MOZO

Moure... Moure... ¡Ah! sí, paréceme que tenjo una ideya.

VELLO

Logo, destonzas ¿tí non és d'alí?

MOZO

— Coma ser soy, pro cuas que cuas puedo decir que non le soy.

VELLO

Fará moito tempo que fallas.

MOZO

¡A lo creyo, che!

VELLO

E logo, inda que sexa moita a pregunta ¿de quién ves a sere?

MOZO

¡Que asperansa! Yo venjo siendo, higo del tío Gurgo del Viduero.

VELLO

Do tío Xurxo do Vidueiro, quererás dicer.

MOZO

Iso es; asina le din periquí.

VELLO

¡Vaites, vaites! De xeito que tí vês sendo fillo d'él. E moi bon home, por certo, non desprecian- do a ninguén. Fúmosche moi camaradas aló nos nosos tempos. Logo tí és o que estaba en *Buenos Aires*.

MOZO

En Buenos Aires, cuasemente, no; yo venjo de la misma Erguentina.

VELLO

(Sí, eh!) Boeno, home, boeno; pois alédome de que viñeras ben.

MOZO

Gracias, amigito.

VELLO

¿El ollarías por aló ô meu sobriño Lois do Colmeote?

MOZO

Leís... Leís... ¡Ah, sí! Leís estaba n-un sitio que le dñ... que le dñ... párceme que me digueron Valpraíso.

VELLO

Home, che non sei; eiquí correuse de que morrera nuns terremotos que houbera onde él atopábase.

MOZO

¡Que asperansa! Si Leís no trabagaba n'iso, che.

VELLO

¡No qué, home! ¿Pro ti sabes o quê iso?

MOZO

Y no hey saber. ¡Que asperansa! Estoy farto de saberlo...

VELLO

Boeno logo; aló tí, que o enxergues. (Párceme que iste è un de tantos que coás suas agudezas, ándanos amocando pol-o mundo) De xeito que quixeche vir â festa ¿non?

MOZO

¡Que asperansa! Yo viñen por cousa de las quintas, lo mais a mín non se me dá por las fes-

tas; cuasamente bastante pergudicio me hació el ter que degar lo choyo que tiña.

VELLO

Ai logo, estabas en boa *colocación*.

MOZO

¡Coma no! Allí deguey de ganar mucha prata, amijo, yo estaba de capatás en una casa de campo.

VELLO

¡Vaites...! ¡Que mágoa! ¿Habería moita xente allí empregada?

MOZO

No, nada mais que era yo y el amo.

VELLO

Boeno, home, boeno... Pois olla, se non hai que asañar, e mañá non deixes de ire á festa, que o que esteña de Deus endexamais falla.

MOZO

Y lueguito ¿qué festa es?

VELLO

¿Cómo qué festa è? ¿E logo ti te non lembras de que mañán è o Viscordel?

MOZO

¡El Viscuerdel...? ¡Ah! si. En verdá non hacía mamoria.

VELLO

Home, parece mentira que digas isas cousas; por moito tempo que fallaras, non debías esquen-  
certe tan axiña da terra onde nasciche. ¡Ai! pois mira que vai estar unha festa guapa; como que todol-os mociños do lugare pensan saíre xuntos cō gaitero ô romper do día, cantando ô son da gaita e o pandeiro.

MOZO

¿Pro inda se toca pr'eiquí isa ferramenta? Se iso ya non se usa.

VELLO

Cómo que non se usa irecoira!

MOZO

¡Que asperansal Agora hay las getarras y los peanos de manivela que tocan moy lindamente. Si ustede vira como yo vin cantar y tocar el *Tápame que tenjo frio* el *Troulirón* y outra que le dín *Toribio*, *saca la língua* y outros muchos, eses si que dan gustito; o mais lo que tocan pr'eiquí yo nunca lo sentín por onde andibe.

VELLO

¿Pro ti sabes o que dís? (Iste se non me vai sin uns bos xesteirazos). De xeito que o *Tápame* e o... ise... ¿cómo dicías...?

MOZO

¿Cual? ¿El de *Saca la língua, Toribio?*

VELLO

O que che vai sacal-a lingua non è *Toribio* si-nón que vou a ser eu, como sigas por ise camiño, e gárdate moi ben de falare asína. Si tiveras un pouquiño de miolo non decías isas cousas. Todo aquil que non sabe honrar a terriña onde nasceu ise e capaz de arrenegare até da sua nai e iso non-o fai ninguén, porque honrándoas a elas, honrámonos nós mesmos.

MOZO

¡Carambita, guagua! Non s'amoque el amigui-to que la cousa n'es pra tanto.

VELLO

Como me non hei d'noxare irecoira! si ouce un

cada cousa que si non fora por Deus... dábache coá fouciña antre corno e corno.

MOZO

Pro escuche, che, razone un lemento.

VELLO

Que razón nin que raxo... Déixame a i-alma en paz e sigue o teu camiño, porque de íste xeito imos findare moi mal. (Parce que o demo nos trae ista mala semente).

MOZO

Pro imos a ver che: ¿Qué motivaciones le dín yo pra que se salfurie d'ísa manera?

VELLO

¡Aínda o perguntas! Ven pra acó e imos por partes. ¿Canto tempo fai que fallas de ista terra?

MOZO

¡Qué asperansa! Pues entre viagues de ida y vinida, andará al rente de siete meses.

VELLO

¡Sete meses!

MOZO

Si señor, que xa ve que non son siete somanas.

VELLO

(Xa mo parecía a mín que...) De xeito que tí quês faguerme ver que sete meses son de abondo pra se un home esquecer de do camiño da súa casa, pra deixare de falare a nosa doce fala e aínda máis: vir falando mal dos nosos costúmes, único herdo que nos resta como lembranza de unha tradición chea de gloria. Pode que ti tamén sexas un de tantos pintureiros que andan por ahí falando a uso de Cáis e se non lembran de que os



páis gastan cirolas de estopa. Se ise camiño levas, eu aconselloche que o deixes; de ise xeito, fague-rías un mal papel e... até poñerías nunha vergoña ôs teus páis.

MOZO

Siñore, n-iso que vostede dí, pode que leve algo de razón.

VELLO

¿Cómo que algo...?

MOZO

Sí, porque... vamos, eu ben sei que... mais poi-dera habere algún que dixera que...

VELLO

¡Qué! ¡qué! ¡esprícate!

MOZO

Como hai quen dí que falare galego non está ben.

VELLO

Os que isas cousas din será d'envexa quizáis; a ises dalles a fíga, e denantes ceguen que tal ollen.

MOZO

E mais será certo. Pois olle siñore, eu ben sabe Deus que nunca tratei de ofendere â miña terra; nos sete meses qu'estiven tan lonxe, non pasou día que non tivera lembranzas pra ela, e se m'enchían os ollos de bágoas, temendo de non fitala mais; pro idinse tantas cousas de nós! que tiven un lemento en que pensei mal; pro dimpóis do que me dixo, reconezo a miña falla e xúrolle que dendes de oxe saberei comprir cô meu debe-re de galego.

VELLO

Pro ¿de verdade que era leria todo o que ti me preguntabas?

MOZO

Era, señor, era. Pro xa ve... a min semellábame...

VELLO

Destonzas mañán irás â festa. ¿Non?

MOZO

¡E non ei de ire siñore! Soio iso fallaba.

VELLO

Pois mañán ô romper do día agárdote na miña eira; alí axuntaránse todol-os mozos do lugare e de alí marcharemos pr'â festa. ¡Tí non levarás ista roupa? (Asiñalándolle o traxe que leva posto).

MOZO

¡Eu! ¡qu'ei levare, siñore! si esta merqueina na Cruña cando desembarquei. Ponderei a de picote e saberei faguere honor â miña terra, como se debe.

VELLO

Moi ben, rapaz, moi ben, fólgame de que eisé sexa. Conque agora â casa a saudare ôs teus páis que han d'estare desexando de te ollar, e mañán, xa o sabes, agárdote aló.

MOZO

Fique con Deus e deica mañán.

VELLO

Adeus e que non haxa mala novidade (Chamandó) agarda que denantes imos comprire con istos siñores.

MOZO

¿E logo?

VELLO

Home, sí, porque marchar sin lles decire ô que viñemos non estará ben.

MOZO

Iso como vexa, mais, eu non sei que lles vou a decire.

VELLO

Home, o que a ti che pareza.

MOZO

Pois d'aquela, aló vou... (Dirxese o público con recelo)

VELLO

¡Finda de unha vez!

MOZO

Non, que vánse rir.

VELLO

Ise medo excusas de telo sempre e cando fales en galego.

MOZO

De outro xeito non penso faguelo endexa-  
mais, meu velliño.

VELLO (ô público)

Perseguindo unha idea

nós camiñamos;

Non son trunfos nin gorrias

As que buscamos.


Soio pedimos

Moito amor para a terra

Onde nascimos.


**Cai o pano**





# Trato a cegas

(PARRAFEIO)



# TRATO A CEGAS

PARRAFEIO EN PROSA

POR

Euxenio Charlón Arias e Manoel Sánchez Hermida



Estreado con forte aprauso no teatro «Jofre»  
do Ferrol, a noite do 7 de Febreiro do 1916.




## PARRAFEIANTES:

TIO PRUDENCIO (60 anos). Sr. S. Hermida.

FREITOSO (35 anos)..... Sr. Charlón.

A acción n'unha aldeia da provincia da Cruña






Ao xenial artista

Alfonso R. Castelao,  
fachenda e gloria da nosa Galiza.

*Irmáu: Ao che otrendare istas cativas  
liñas, ben nos decatamos do noso arris-  
camento, mais, decatámonos, tamén, de  
que o teu corazón tan «bó e xeneroso»  
saberá perdoare a istas probes formigas  
que ollaron tan outo, engaioladas pol-a  
lús do teu xenio.*

OS AUTORES.



Esta obra è propiedade dos seus autores, e ninguén poderá, sin o seu permiso, reimprentala nin representala na Hespania e nos países nos que se teñan feito ou fáganse d'eiquí en diante tratados internazonaes de propiedade literaria.

Os autores fican cò dereito de traduzón.

Os comisionados e persoeiros da «Sociedade d'Autores Hespañoes» son os encarregados, d'un xeito único, de donare ou non donare premiso pr'á representación e o cobro dos dereitos de propiedade.

Fica feito o depósito qu' asíñala a lei.


---

Cette oeuvre est de la propriété de ses auteurs et personne ne pourra, sans leur permission, la réimprimer ni la représenter à l'Espagne et aux pays avec lesquels existent ou existeront à l'avenir des traités internationales de propriété littéraire.

Les auteurs se réservent le droit de traduction.

Les représentantes de la «Société d'Autores Espagnoles» seront les seuls chargés d'accorder ou de nier la permission nécessaire pour les représentations, et le prox de droits de propriété.

On a fait le dépôt signalé par la loi.





# XORNADA ÚNICA

A escea repersenta o camifio d'unha romaxe. Cando erguen o pano, estará o TIO PRUDENCIO axionllado no chan, cós ollos fechados, como pedindo esmola. Ispirá moi esfarrapado e ó rente d'él, terá un

fol i-un pau

## PAROLA PRIMEIRA

PRUDENCIO.—¡Léveme San Pedro si non estóu aviado!... Parece que Xudas tentóume pra que rifara cô diaño do criado n-istos días de tanta faxina; santo bó non-o foi... (Pasa xente pr'a misa). ¡Nobles caballeros! ¡Teñan misericórdia d'iste probe cego e sin vista! ¡A santiaña lles conceda canto desexan! ¡As animiñas benditas lles dian... delor de tripas, larcháns! Nin por moito berrar.... Xa tocaron o derradeiro pr'a misa i-estamos na mesma.... E todo por culpa d'iste xenio tan súpeto que teño.... ¡Lástema de rapás! Si non fora tan enredante.... Por iso, se me dera conta en antes, índa que arrabeárame o coiro, deixaríallas pasare, pro, estos rapaces son piores que o diaño. ¡Mira que chegarme sin un triste betón nos calzós, eche moito conto!... i-o que mais alceudeume

o sangue, foi cando me reprecóu con aquela cara de enxaguado: «Veño de xogar ós picorros» (Recadando o pau i-en autitude ameazadora) ¡Aí xuro a Dios...! faguía falla ter o xenio nos petos. Pra min que xa tiña algo tramado; porque en canto sinteu andar o demo no lombo, fuxiu com'un lóstrego, cousa que endexamais fixo: E non hai quen me desmonte de que o causonante de todo, foi o cego d'Ambróa; fai moito tempo que tiña ganas do rapáz, porque... como axecitar, axeitábase ben pra o choio..... Era de ver con que xeito él pidía; despidiño de pé e perna, con aquela roupa toda esfarrapada que tiña da miña mau: e poñía aquela voz tan lastimeira cando votaba esta andrómena: «*¡Ropad'en la desgracia de mi padre! ¡Sin vista en los ojos pra ganar el pan di och'hirmanitos que somos! ¡No nos deguen sin su gracia, nobres caballeros!*» Decíao c'unha aquela... Non había alma de iste mundo que ô pasar lle non deixara algo; índa a mín, o mais das veces, somellábaseme que era certo... (Passa pol-o camiño un petrúelo). *¡Almas piedosas!... ¡Ropad'en mi desgracia! ¡Degdile una limosna al probe ciego....!* (Poulle na mau unha cadela) *¡Quiera Dios que nunca pan pra comer le faltet! ¡D'oxe n'un ano me dea outra! ¡Nunca reconozca la escuridá en que yo m'atopo!* (Ollando n-a cadela con moito desímulo) ¡Premita Dios qu-esnaquicel'os fuciños, en antes de chegare â misa, deño de larchán!! Canto mais rico, mais porco. Xa me parcía moito milagre... Dame unha cadela, i-a

mais de sere pequena, aínda è falsa... ¿E agora que fago...? Si vou cabo d'él e dígolle que ma troque, vai coidare que non son cego.... (Escóltanse pasos) ¡Almas piedosas...! ¡¡Mirai pra este desgraciadito....!

\* \*  
\*

## PAROLA SEGUNDA

TIO PRUDENCIO.—FREITOSO, qu'entra pol-a esquerda, faguendo de cego. Ise traxe moi esnaquizado: Levará unha alforxa, un bombo pequeno, ó lombo l-un violín na sua funda de colro, pendurada de un ourelo na ombrelra

FREITOSO.—Cale, señor, cale; non perda o tempo que son eu.... ¡Felices, tío Prudencio!

PRUDENCIO.—Felices nol-as dea *el Señor*.

FREIT.—Mal sitio escolleu.

PRUD.—Moi bó sei que non è....

FREIT.—Non, siñore, non. Eu púxeume eiquí fai tres anos, e... inuoca m'eu puxera!

PRUD.—¿E logo?

FREIT.—En catro horas que botei berrando, non fixen mais que doce cartos; gracias que avisóume a tempo o cego de Magalofes, que sinón, nin pra xantar, xuntaba.

PRUD.—Entón ¿tamén ti andas pol-o mundo?

FREIT.—¡Pro qué! ¿Xa me non conesce?

PRUD.—Eu non, meu filliño, como non vexo nada....

FREIT.—¿Qué non vé o qué? ¡Oh! Abra os ollos e déixese de contos qu-estamos entre compañeiros.

PRUD.—(El tentarasme) (Ollandoo desimuladamente) ¡Aí, Freitasño! Non te conescía ¡Eisí eu vexa a Díos! craro, tel-a vos tan *cambeada*... Y-ade, máis, xa fai moito tempo que te non vexo.

FREIT.—Xa, señor, xa. E logo ¿cómo lle vai?

PRUD.—Com-a o Demo. Estou que adoezo.

FREIT.—Destonzas ¿qué lle pasa?

PRUD.—Pois, fuxeume o criado e deixoume cangado cando mais falla me faguía.

FREIT.—¡Boh! Non teña perda d'él: Tropa d'isa haille d'abondo. Tamén eu desfíxenme do meu a somana pasada. ¡Era un rapiñeiro!... Vostede ben sabe coma son cuaseque todos.

PRUD.—Iso si que non; o meu nunca coxeou de ise pé; i-ademáis de ser líceto, tíñache moita gracia pra pedire. ¡Tiven tanta perda del...!

FREIT.—Ten boa gana de s'avinagrare.

PRUD.—Sí, ti ben falas: Con él estábache moi folgado. Non tiña mais que me sentare no cómaro i-o probiño encarregábase de me axuntare a esmola. Inda fixo antonte un mes, que na festa de San Bartoloméu, recadoume na mañán, catro pesos e doce cartos; boeno, pro... tamén levamos catro pequenos da *Chamiza* e tres da *Prixela*, e como todos cabían drento d'un muñico idaban tanta mágoa...!

FREIT.—(Rindo) Vostede argallando de cote pra lle sacal-os cartos á xente.

PRUD.—¿E tí que quês? D'algún xeito hai que



se precural-a vida, porque traballando... pouco se pode ganar.

FREIT.—Iso è ben certo.

PRUD.—Sábelo tan ben coma min. Moito mal che foi a tí cós meus consellos.

FREIT.—Pol-o d'agora, gracias a Dios, non teño queixa que dare.

PRUD.—Destonzas, déixate ire... ¿enténdesme? Cada un amáñase â sua maneira; iste eche un xeito de vivir coma outro calqueira... Si nós faguemol-o cego, pior son outros que nin pra fagueren de cegos sirven, e andan metidos nas diputaciós, auntamentos, e... ¡Boh! sabe o demo hastra onde se meten. En fin hon, quen sal amolado, eche o burro que se baixa ô traballo, porque todo canto gana lle non chega pra mantere a tantos zumezugas como hai vivindo â soma d'él; e nós non andamos â soma de ninguén. Temos o que cada un nos dá *buenamente*, e coa testa moi ergueita podemos decire que non recarregamol-o consumo nin embargamos a ninguén por nos negare a esmola.

FREIT.—Iso é: I-ademáis, o noso labore ten os seus traballiños, e moitas d'as veces atópase un ben apurado. Eu andiven faguendo de coxo un pouco de tempo e *amigo de la santa buena* fun a San Roque do Camiño... Ollo, que ahí ven xente... (Póñense a pedire).

PRUD.—Podes seguil-o conto. ¿Qué che pasou?

FREIT.—Que m'había pasare, señor, que m'había pasare: que lle moscou a besta ô crego de

Moeche e bótase a gallope pol-a congostra onde eu estaba pidindo; e como non podía acarrearare porque tiña mangada a perna de pau, tiven que furare pol-a silveira, que vinme n-elas pra me arredare do deño do bicho. Cando salín, parcí un ourizo cacho con tanta espiña como eu tiña no meu corpo.

PRUD.—Estivo ben, pra que deprendas... As pernas hai que deixalas ceibes pr'as apuradas, e non cangalas con enredos. Y-ademáis, ô millor é faguere de cego...

FREIT.—Cale pol-a i-alma d'os seus defuntos.....  
Cô conto de que un non vé non se gardan d'él pra nada, e... ivese cada cousa!...

PRUD.—¿E logo?

FREIT.—¡Aínda o pregunta! Atenda: sin ire mais lonxe, a noite pasada seique o deño me levou a pedire casa cuberta no muiño de Pielas.....

PRUD.—Ven sei onde é; por certo que hai alí unha muiñeira que val aquela conta... (Escoitanse pasos e súpetamente deixan a conversa pra se poñeren a pedir berrando a mais non podere).

FREIT.—Por nada nos acañan.

PRUD.—¿Xa pasaron?

FREIT.—Fuxiron pol-a congostra. Seique nos tomaron medo.

PRUD.—(Faguendolle unha seña de intelixenza) Boeno, pois fina o conto e pon moito ollo....

FREIT.—Pois verá: Fíxome a miña pallugada nun currunchiño, namentres amañaba o meu negocio; i-en canto romatei, deiteime. ¡Xúncaras me leve si pillei sono! Ñ puñasquera

faillle as veiras un lampantín de Liñares e toda a noite tentou n-ela: Un pouco bicos; outro pouco, viliscos... e por parte de tarde... lembreime de que era cego, e non quixen ver mais, pro, ivaiche boa...! Pol-a mañán, cando m'erguín, me non tiña de pé pol-a falla do acougo.

PRUD.—Craro, toda a noite de vela...; d'isas teño levado eu moitas, pro, tamén temos outras ventaxas do noso lado: poño por un caso, o de tér que andar ás apalpadadas... e moitas das veces apálpase mais que nas parês...

FREIT.—¡Eso xa!... Mais, certas cousas non sentan nada ben.

PRUD.—Craro que non, pro, hai que se sacrificar algo.

FREIT.—Hai, señor, hai; que remedio queda. Conque, tío Prudencio, vouno deixare. Inda teño que ire cabo do tío Xerómeno a precurar un rapáz pra tocal-o bombo.

PRUD.—¿E que tal che vai coa múseca?

FREIT.—Non teño queixa que dare; hai que traballare algo mais, pro, nunca se perde o tempo.

PRUD.—Sabes que si me vira algo mais novo, pode dar que deprendera a tocare algo. Sempre me tirou a múseca.

FREIT.—¿Vostede quêr andare canda mún pra tocal-o bombo?

PRUD.—Xa non estou pra ises trotes; i-ademais, eu que sei si me amañarei.

FREIT.—Amaña, señor, amaña: Con tal de marcar os puntos...

PRUD.—Si, pro, como hai tantos.....

FREIT.—¡Boh! Poñendo un pouco de coidado, logo se collen. ¡Si se poideran collere asina ós que teñen escravizada ista probe terriñal...

PRUD.—(Remangando n-o pan) ¡Ai, d'aquela!... ¡E que non me iba dare xeito a marcarse puntos!...

FREIT.—Deixe, deixe que xa caerán. Cada porco ten o seu San Martiño. Conque imos ô noso negocio. ¿El, anímase ou non?

PRUD.—Si, pro, en antes temos que axustar pra sabere de que xeito imos faguere as particións.

FREIT.—¿E logo, canto pensa ganar?

PRUD.—Home... eu penso que debemos partire pol-o médeo.

FREIT.—Si, pro, hai que contar cô desgaste da ferramenta.

PRUD.—Boeno, hom, boeno; por iso non hei roparare.

FREIT.—¿Logo, dámoslle unha volta pra vere que tal nos axeitamos?

PRUD.—Veña o bombo.

FREIT.—Agarde que llo vou entonare. (Temperándollo).

PRUD.—Mo non poñas moi subido que teño pouca voz.

FREIT.—(Dándolle o bombo). Vaia, xa está. Precure mirar pra-o meu pé, que ll'hei marcal-os puntos... ¿Imos?...

PRUD.—(Dispostos pra tocare). ¿E cal vai?

FREIT.—Votaremos ista... (Marcando unha peza n-o violín)  
¿Saberá cant-ala?

PRUD.—¡E non hei sabere!

FREIT.—Veña de ahí.

PRUD.—(Cantando). O bombo qu'estou tocando.  
è de coiro de cacique;  
si é qu'algún me está escoitando...  
que rasque enonde lle pique.

FREIT.—(Cantando) Hai que cantar con coidado.  
sin se metere coa xente,  
porque en cualesqueira lado  
hai de esa mala semente.

PRUD.—¿Qué tal?

FREIT.—¿Sabe que a sua voz entona moi ben cō  
violín?

PRUD.—Xa non è o que foi; agora vai indo algo  
cansa.

FREIT.—Cale por Dios, si canta que dá xenio.  
Ben, pois ímonos poñere ô xeito pra cando  
sallan da misa.

PRUD.—O mais malo é que os dous de cegos,  
non sei como vai a sere... ¿Quén nos guía?...  
Faguía falla que un vira algo.

FREIT.—¡E verdade!... Non cafa eu n-iso.....

PRUD.—Mira, ti vas faguere de coxo...

FREIT.—¿Quén, eu?... Eso si que non. ¿Pra que  
me tente outra besta, ou?...

PRUD.—¿E como imos faguere?... Daquela vas a  
faguer de meio cego; xa verás... *Empresta o  
estrumento...* (o violín). *Atende...* Pos o corpo asi-  
na... ben empenado, i-os ollos algo retranquea-  
dos pra mirare a meia lús, e xa está. (Estas indi-  
caciós serán a gusto do actor, termando de que as situacións se-  
xan o mais cómico, drento da naturalidade).

FREIT.—Moi ben. Eu con tal de poder acarrei-

rare... (Poñéndose en situación) Escoite, tío Prudencio: ¿E no nos castigará Deus, por andare faguendo n-istas figuras?...

PRUD.—Non penses n-iso xiquer... Moitos escarmentos tiña que faguere enantes de chegare a nós. E mais líceto andare eisina, que andare roubándoll'o sudor ô probe labrego.


FREIT.—Elle ben certo, mais, tamén sería unha boa trécola si todos déramos n-isto...

PRUD.—¡Ai, si chegara ise día...!

FREIT.—Non sei que ganaba con iso, si non tíñamos a quen pedire...

PRUD.—(Tentando o cazato) Pois, iríamos cabo d'eles a lles *pedire* contas da nosa disgracia. Conque, chama adiante e que Deus nol-a apareboa (Vanse en dirección a esquerda).

CAL O PANO MAINAMENTE





REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F 15576

Biblioteca